

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN
DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2015**

D^a ROSA ANA PRADA QUEIPO, secretaria do Concello de Ames

C E R T I F I C A : Que o Pleno municipal deste Concello na sesión realizada o día 27/11/2014, adoptou o seguinte acordo:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
MELLORA DE CAMIÑO NO LUGAR DE VENTOSA. AMES (A CORUÑA)	67.913,55		67.913,55
MELLORA DE CAMIÑO DE FOXOS NO LUGAR DE VENTOSA. AMES (A CORUÑA)	62.191,74		62.191,74
REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CLUBE DE PIRAGÜISMO RIBEIRA DO TAMBRE	49.963,19		49.963,19
ADECUACIÓN DE PRAZA SITUADA ENTRE AS RÚAS AGRO DA MADALENA E AVDA. ROSALÍA DE CASTRO NO LUGAR DE MILLADOIRO	50.000,00		50.000,00
REPOSICIÓN DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS NÚCLEOS DE BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO	132.241,51		132.241,51
CAMIÑO DE OUTEIRO-COSTOIA-LIMITE CONCELLO E OUTROS	138.183,88		138.183,88
SUBTOTAL OBRAS	500.493,87		500.493,87

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	DEPUTACIÓN
ACHEGA PROVINCIAL APLICABLE AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES	2004,62
ACHEGA PROVINCIAL APLICABLE A AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DE DÉBEDA	
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	2004,62

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	500.493,87		500.493,87
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	2.004,62		2.004,62
TOTAL	502.498,49		502.498,49

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
SANEAMENTO NO NÚCLEO DE PORTANXIL	139.931,94
SANEAMENTO NO NÚCLEO DE SUSAVILA DE CARBALLO	92.889,93
SANEAMENTO EN LAMAS-COSTOIA (BIDUIDO)	81.692,30
TOTAIS	314.514,17

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do alcalde, en Ames a vinteoito de novembro de dous mil catorce.-

Vº e Praxe
O alcalde,-